| | | |
|---|---|---|
|  | **INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:**<br>**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA 2020-21** | **FeQ**<br>**3ºESO** |

| | |
|---|---|
| **PROFESORA** | **Sandra Espiñeira Seijo** |
| **CONTIDOS** | 1º TRIMESTRE<br>-A ciencia e a medida: O método científico, a medida, magnitude, SI, factores de conversión, notación científica, o traballo no laboratorio.<br>-Os gases e as disolucións: gases e presión atmosférica, leis dos gases, teoría cinética dos gases, disolucións, concentración, solubilidade.<br><br>2º TRIMESTRE<br>- A materia: O átomo, modelos, isótopos e ións, a radioactividade.<br>-Elementos e compostos: historia dos elementos, sistema periódico dos elementos, enlace químico, átomos aillados, moléculas e cristais.<br><br>3º TRIMESTRE<br>-Formulación e nomenclatura química de compostos binarios (IUPAC): compostos con osíxeno, con hidróxeno e sales binarias.<br>-A reacción química: reaccións químicas, teoría das reaccións, ecuación química, axuste de reaccións, cálculos estequiométricos, a química e o medio ambiente. |
| **CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación** | • Probas obxectivas (exames): 70%<br>• Proba de comprensión lectora (análise de texto científico): 5%<br>• Libreta e traballo de laboratorio (rúbrica): 10%<br>• Traballos de investigación (rúbrica): 5%<br>• Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 10%<br>• No caso de que nalgún trimestre non se realice proba de compresión lectora ou traballo de investigación, esas porcentaxes sumaríanse ao dos exames. E do mesmo xeito, se non se realizara traballo de laboratorio, esa porcentaxe pasaría á observación.<br>• Intentaranse facer 2 exames por avaliación. Nese caso a nota das probas será a media aritmética dos mesmos.<br>• Copiar nun exame implica ser cualificado cun "cero" nesa proba.<br>• Considerarase superada a avaliación sempre e cando a nota mínima acadada pola ponderación dos elementos anteriores sexa igual ou superior a 5.<br>• Os indicadores de logro das rúbricas empregadas na corrección de traballos e cadernos de laboratorio serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso.<br>• Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, na que entrarán todos os contidos traballados na mesma.<br>• A nota final do curso será a media das obtidas nas 3 avaliacións, previo ao redondeo.<br>• Se non se acada o 5-SUF haberá unha proba de recuperación de coñecementos en xuño e unha extraordinaria en setembro.<br>• Na recuperación de Xuño, aquel/a alumno/a que teña dúas o máis avaliacións |

| | |
|---|---|
| | suspensas, terá que recuperar a totalidade da materia traballada durante o curso. Sen embargo, os/as alumnos/as con unha única avaliación suspensa, poderán recuperar só esa parte. |
| **PLAN DE LECTURA** | • Farase unha proba de comprensión lectora que suporá 0,5 ptos dos 10 totais.<br>• Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas:<br>-"los niños en la cocina"-Hervé This.<br>-"¿Por qué el cielo es azul?: La ciencia para todos"-Javier Fernández Panadero.<br>-"El origen del Universo"-Lucy&Stephen Hawking.<br>-"La clave secreta del Universo"- Lucy&Stephen Hawking. |
| **TIC** | • Promoverase o uso de ferramentas TIC a través da Aula Virtual, na que o alumnado disporá de material complementario (apps, simuladores webs, ...), normalmente audiovisual e interactivo, que contribúa á comprensión dos conceptos traballados na aula. |
| **ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES** | • O 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, desenvolverase na aula unha actividade de investigación co propósito de promover no noso alumnado o acceso pleno e equitativo das mulleres e das nenas na Ciencia.<br>• O desenvolvemento de actividades extraescolares estará condicionado polas circunstancias excepcionais que se vaian producindo en relación ao Covid. Sempre que sexa viable e seguro, tentarase organizar 1 saída ao longo do curso relacionada coa Ciencia. |